

Bases da bolsa: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.gal e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 30 de xaneiro de 2024.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 0296

Anuncio

CONVOCATORIA DE APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO PARA POSTOS DE PEON DE SERVIZOS MULTIPLES COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE BARREIROS 2024

Pola Xunta de Goberno Local do 29 de xaneiro de 2024 aprobanse as bases que rexerán a a bolsa de emprego para cubrir posibles prazas para postos de peon de servizos multiples como persoal laboral temporal do Concello de Barreiros.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS HABLES (non contan sábados, domingos e festivos) a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros- Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases da bolsa: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.gal e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 31 de xaneiro de 2024.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 0297

CASTROVERDE

Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data día 29 de xaneiro de 2023, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do prezo público polas escolas deportivas correspondente ao mes de xaneiro de 2024 , e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 31 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0298

A FONSAGRADA

Anuncio

PADRÓNS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIROS CORRESPONDENTES AO QUINTO BIMESTRE DO 2023

Aprobado por Acordo do Xunta de Goberno Localde data de data26-01-2024, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo correspondente ao 5º bimestre do exercicio 2023, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 27-01-2024 ao 27-03-2024. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -